



# DELEGACIÓN DIOCESANA de PASTORAL OBREIRA

Delegado: P. Benito Santos, sj

**Curso: 2011-12**

## Obxectivo xeral

*Situados como estamos nunha encrucillada sociocultural, os seguidores de Xesús estamos chamados a sentir a urxencia de facernos máis presentes co noso compromiso cristián e dar razón da nosa esperanza nas actuais circunstancias.*

*“A Palavra de Deus impulsa ao home a entablar relacións animadas pola rectitude e a xustiza; dá fe do valor precioso ante Deus de todos os esforzos do home por construír un mundo máis xusto e máis habitable. A mesma Palavra de Deus denuncia sin ambigüidades as inxustizas e promove a solidariedade e a igualdade” (Verbum Domini, n.100).*

## Obxectivos específicos

- 1 Animar e promover nas nosas comunidades e grupos eclesiais un espírito e un compromiso samaritano co mundo do traballo e, sobre todo, cos máis afectados pola crise económica.*
- 2 Revitalizar o máis posible o labor promocional e asistencial con todos aqueles aos que as circunstancias de falta de traballo e de ingresos dignos poden verse avocados á marxinación.*

## Accións e medios

- ✓ Xunto con organizacións como HOAC, A.C., Cáritas, e outros movementos e persoas, seguiremos fomentando o coñecemento real da situación sociolaboral, a denuncia dos abusos que se cometen e a reivindicación dos dereitos sociais dos traballadores, das familias e de todos os cidadáns.
- ✓ Queremos facernos presentes e solidarios en todos aqueles conflitos que reclaman a atención e compromiso cidadán en favor de saídas xustas das situacións conflitivas.
- ✓ Seguiremos realizando Cursiños e animando a outros a intentalo a fin de fomentar a autoestima e a ampliar as posibilidades e capacidades de traballadores en paro e de xóvenes que queren acceder a un posto de traballo.
- ✓ Conforme ao Obxectivo Específico 2 do Plan de Pastoral Diocesano: “Anunciar a Palavra de

Deus como luz que ilumina hoxe as realidades temporais, anima ao compromiso e promove unha nova evanxelización”, queremos axudar a fomentar a utilización de medios escritos e audiovisuais que favorezan a sensibilización e a encarnación necesarias para a nova evanxelización.

- ✓ Seguiremos celebrando en eucaristías, en diversas reflexións e encontros o fondo significativo para o mundo do traballo de xornadas como: o 8 de marzo, o 1º de maio, o Día da HOAC, o da A.C., a fin de mostrar o noso compromiso con sectores sociais tan numerosos e tan golpeados pola crise económica.
- ✓ Os días 12 e 13 de novembro de 2011 o Deprtamento de Pastoral Obreira da Comisión Episcopal de Apostolado Segrar organiza en Ávila as xornadas anuais, ás que asistiremos para compartir experiencias e proxectos coas Delegacións e Secretariados doutras dioceses.
- ✓ Seguiremos poñendo os medios para facernos presentes nos medios de comunicación social locais en datas significativas para o mundo do traballo denunciando as consecuencias negativas do paro e mostrando a nosa solidariedade cos traballadores.